Concello de AMES

C.I.F.: P – 1500200 – I

## Concello de Ames
## Anuncio

**Aprobación definitiva da undécima modificación puntual da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Ames.**

**Expediente GD: 4706/2022**

En sesión plenaria ordinaria do 31.05.2022 prestouse aprobación inicial á undécima modificación puntual da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Ames.

Sometido o acordo a exposición pública por prazo de 20 días hábiles, mediante anuncio na sede electrónica e no BOP núm. 108 do mércores 8 de xuño de 2022, non se presentaron achegas, polo que a aprobación inicial quedou elevada a definitiva de forma automática.

De acordo co establecido nos artigos 126 e 127 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e o artigo 202.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, faise pública a aprobación definitiva da undécima modificación puntual da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Ames, sendo o contido da modificación o que figura como anexo.

**ANEXO**

**11ª modificación puntual da RPT do Concello de Ames.**

**PRIMEIRA MODIFICACIÓN**. Creación, dentro do Departamento de Policía Local, dun novo posto de Oficial (código 04.00.22) derivado da amortización dun posto de Policía Local (código 04.00.22) actualmente vacante

**Adscrición orgánica do novo posto**

**Adscrición Administrativa.** Departamento de Policía Local

**Código identificativo.** 04.00.22.

**Características funcionais, profesionais e aqueloutras definitorias do novo posto. Ficha descritiva.**

Por tratarse dun posto idéntico aos outros de Oficial xa previstos na RPT, aplicaráselle a mesma ficha descritiva destes.

**Valoración económica do novo posto. Fixación do Nivel de Destino e do Complemento Específico.**

Por tratarse dun posto idéntico aos outros de Oficial xa previstos na RPT, aplicaráselle a mesma valoración económica destes; isto é, o mesmo CD e CE, nos termos seguintes:

CD: 18 (275 puntos)

CE: 11.511,88 € (425 puntos)

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | VAC. | TIPO | ESCALA/SUBESCALA/ CLASE/CATEGORÍA | GRUPO | NIVEL | COMPLEMENTO ESPECÍFICO | FORMA DE PROVISIÓN | RESERVA A NACIONAIS | TITULACIÓN | FORMACIÓN ESPECÍFICA | ADMON. | OBSERVACIÓNS (A.R.) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **04.00.22** | **OFICIAL** | SI | F/N | A.E (S.E./POLICÍA LOCAL) | C1 | 18 | 11.511,88 € | C | R.N. | | | A.L. | DISPOÑIBILIDADE HORARIA (ATA 50 HORAS) |

**SEGUNDA MODIFICACIÓN**. Incorporación á RPT, como consecuencia da regularización de supostos de emprego temporal de natureza estrutural, dun posto de Técnico/a do Ciclo Integral da Auga (código 10.00.02) adscrito ao Departamento de Infraestruturas, Obras e Servizos Básicos, así como de dous postos de Técnico Medio de Inserción Laboral (códigos 11.01.04. e 11.01.05) adscritos ao Servizo de Promoción Económica do Departamento de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente .

DATA DE SINATURA: 12/07/2022
HASH DO CERTIFICADO: 0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886F2BBDE1
POSTO DE TRABALLO: Alcalde
NOME: GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2AE478F8D2B39CB4C96
DOCUMENTO FIRMADO DIXITALMENTE

**1º. Adscrición orgánica dos novos postos.**

**Técnico do Ciclo Integral da Auga**

**Adscrición Administrativa.** Departamento de Infraestruturas, Obras e Servizos Básicos

**Código identificativo.** 10.00.02.

**Técnico/a Medio Inserción Laboral (2):**

**Adscrición Administrativa.** Departamento de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente , Servizo de Promoción Económica

**Códigos identificativos**. 11.01.04. e 11.01.05.

**2º. FIXACIÓN DAS CARACTERÍSTICAS FUNCIONAIS, PROFESIONAIS E AQUELOUTRAS DEFINITORIAS DOS NOVOS POSTOS. FICHA DESCRITIVA.**

| | |
|---|---|
| **CÓDIGO** | 10.00.02. |
| **DENOMINACIÓN** | Técnico/a do Ciclo Integral da Auga |
| **DEPARTAMENTO DE ADSCRICIÓN** | Departamento de Infraestruturas, Obras e Servizos Básicos |
| **TIPO DE PERSOAL** | F/S |
| **ESCALA/SUBESCALA** | A.E. (Técnica/Técnicos Medios) |
| **GRUPO** | A2 |
| **NIVEL** | 22 |
| **FUNCIÓNS** | – Asumir a asistencia técnica especializada respecto do conxunto de actuacións, expedientes e procedementos a desenvolver pala unidade administrativa de adscrición e/ou o Concello ao respecto do Ciclo Integral da Auga e servizos e/ou ámbitos relacionados, dentro do marco competencia! atribuído ao efecto pala normativa de aplicación e a propia RPT<br>– Asumir, con arranxo á capacitación profesional e/ou legal inherentes, o desenvolvemento das actuacións/funcións propias da colaboración/asistencia técnica xeral, segundo necesidades, respecto das restantes actuacións, expedientes e procedementos que deban/poidan ser desenvolvidos poia unidade administrativa de adscrición , dentro do marco competencia! atribuído ao efecto pala normativa de aplicación e a propia RPT<br>– Asumir, con carácter inherente ao efectivo desenvolvemento das funcións anteditas, a prestación ordinaria e material dun servizo de información e atención á cidadanía<br>– Asumir a emisión de informes e/ou propostas de resolución/acordo e actuación, no marco da capacitación profesional e/ou legal inherentes, cando así sexa requirido, necesario e/ou nos supostos en que legalmente proceda.<br>– Aqueloutras, propias da súa escala/subescala de adscrición e capacitación profesional e/ ou legal, dentro do marco competencia! da unidade/ división administrativa de adscrición en cada momento ou, de ser o caso, e cando as necesidades de servizo o requiran, ao marxe do mesmo. |
| **OBSERVACIÓNS** | |

| | |
|---|---|
| **CÓDIGO** | 11.01.04./11.01.05. |
| **DENOMINACIÓN** | Técnico/a Medio de Inserción Laboral |
| **DEPARTAMENTO DE ADSCRICIÓN** | Departamento de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente , Servizo de Promoción Económica |
| **TIPO DE PERSOAL** | F/N |
| **ESCALA/SUB ESCALA** | A.E. (Técnica/Técnicos Medios) |

DATA DE SINATURA: 12/07/2022
HASH DO CERTIFICADO: 0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886F2BBDE1
POSTO DE TRABALLO: Alcalde
NOME: GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2AE478F8D2B39CB4C96
DOCUMENTO FIRMADO DIXITALMENTE Comprobación de autenticidade na Sede Electrónica Municipal

Concello de AMES

| GRUPO | A2 |
|---|---|
| NIVEL | 22 |
| FUNCIÓNS | Asumir a asistencia técnica especializada respecto do conxunto de actuacións, expedientes e procedementos a desenvolver pala unidade administrativa de adscrición e/ou o Concello en materia de fomento do emprego, inserción laboral e/ou ámbitos relacionados, dentro do marco competencia! atribuído ao efecto pala normativa de aplicación e a propia RPT<br>Asumir, con arranxo á capacitación profesional e/ou legal inherentes, o desenvolvemento das actuacións/funcións propias da colaboración/asistencia técnica xeral, segundo necesidades, respecto das restantes actuacións, expedientes e procedementos que deban/poidan ser desenvolvidos pala unidade administrativa de adscrición , dentro do marco competencia! atribuído ao efecto pala normativa de aplicación e a propia RPT<br>Asumir, con carácter inherente ao efectivo desenvolvemento das funcións anteditas, a prestación ordinaria e material dun servizo de información e atención á cidadanía<br>Asumir a emisión de informes e/ou propostas de resolución/acordo e actuación, no marco da capacitación profesional e/ou legal inherentes, cando así sexa requirido, necesario e/ou nos supostos en que legalmente proceda.<br>Aqueloutras, propias da súa escala/subescala de adscrición e capacitación profesional e/ ou legal, dentro do marco competencia! da unidade/ división administrativa de adscrición en cada momento ou, de ser o caso, e cando as necesidades de servizo o requiran, ao marxe do mesmo. |
| OBSERVACIÓNS | Dispoñibilidade puntual , por necesidades do servizo, con arranxo aos criterios horarios acordados coa representación do persoa/ e/ ou que, de ser o caso, figuren no contrato/ nomeamento do persoa/ afectado. |

**3º. VALORACIÓN ECONÓMICA DOS NOVOS POSTOS**. Fixación do Nivel de Destino e do Complemento Específico

| COMPLEMENTO DE DESTINO | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | ESPECIALIZ. | | RESPONSABILIDADE | | | | | COMPLEXID. | | PUNTOS | REDONDEO | GRUPO | NIVEL |
| | | FORM. BAS | FORM. COMP. | RESULT. OUT. | DIÑ/ CONTAB. | RELAC. OUT. | COMPET. | XEF/ MANDO | TERRIT. | FUNC. | | | | |
| CODIGO | DENOMINACION | PTOS | PTOS | PTOS | PTOS | PTOS | PTOS | PTOS | PTOS | PTOS | | | | |
| 10.00.02 | Técnico/a Ciclo Integral da Auga | 120 | 60 | 7 | 6 | 28 | 60 | 20 | 6 | 119 | 426 | **450** | **A2** | **22** |
| 11.01.04/05 | Técnico/a medio Inserción Laboral | 120 | 60 | 7 | 6 | 42 | 60 | 20 | 6 | 102 | 423 | **450** | **A2** | **22** |

| COMPLEMENTO ESPECÍFICO | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | RESPONSABILIDADE | | | | | | | | | | |
| | | RESULT. OUT. | DIÑ/CONT. | RELAC. OUT. | DIFIC. TECNICA | ADICAC. | INCOMP. | PERIG. | PENOS. | PTOS. | REDOND | EUROS |
| CODIGO | DENOMINACION | PTOS | PTOS | PTOS | PTOS | PTOS | PTOS | PTOS | PTOS | | | |
| 10.00.02 | Técnico/a Ciclo Integral da Auga | 15 | 6 | 24 | 222 | 13 | 0 | 8 | 60 | 348 | **350** | **9.449,54** |
| 11.01.04/05 | Técnico/a Medio Inserción Laboral | 15 | 6 | 36 | 185 | 26 | 0 | 8 | 60 | 336 | **350** | **9.449,54** |

Ames, 12 de xullo do 2022

O alcalde

José Blas García Piñeiro



DATA DE SINATURA: 12/07/2022
HASH DO CERTIFICADO: 0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886F2BBDE1
POSTO DE TRABALLO: Alcalde
NOME: GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2AE478F8D2B39CB4C96
DOCUMENTO FIRMADO DIXITALMENTE - Comprobación de autenticidade na Sede Electrónica Municipal